# BITeB
Boletín Informativo de Traballo e Benestar

Consellería de Traballo e Benestar
febreiro 2015, n.º 104








**2** A Xunta incentivará a contratación de desempregados de longa duración ampliando a renda de 426 euros de cinco meses a un ano para contratos temporais e a dous anos para os indefinidos

**5** Publicada no DOG a orde de formación para desempregados que inclúe os novos mecanismos de control implantados por Traballo

**13** A orde de contratación de perceptores da RISGA duplica este ano o seu orzamento e amplía os potenciais beneficiarios



A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, e a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, explicaron os detalles desta convocatoria, que se publica no Diario Oficial de Galicia (DOG)

**14** O DOG convoca 3 millóns de euros en axudas para manter preto de 2.700 prazas en escolas infantís de iniciativa social

**18** **Publicacións**

Catálogo de publicacións na web




**8** **Informe do paro rexistrado**

Galicia pecha o mes de xaneiro cun total de 259.002 persoas en situación de desemprego

**10** **EPA**

Enquisa de poboación activa 4º trimeste de 2014

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballo | 2-11 | Política social | 12-15 |
| Accidentes laborais | 7 | Xuventude e voluntariado | 16-17 |
| Informe do paro rexistrado | 8-9 | Publicacións | 18-19 |
| EPA | 10-11 | Normativa | 20-26 |


Créditos


Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835

Traballo




# A Xunta incentivará a contratación de desempregados de longa duración ampliando a renda de 426 euros de cinco meses a un ano para contratos temporais e a dous anos para os indefinidos

- Feijóo plasma o seu compromiso coa “reactivación do emprego na Comunidade Autónoma”, achegando á empresa, cando expiren os cinco meses, unha cantidade equivalente durante sete meses máis, co que a contratación do traballador se ve incentivada ao longo dun ano
- “Agora que se apunta a unha inicial recuperación, é o momento de non diminuír as políticas activas de emprego, senón de incrementalas”, recalcou o presidente
- Outro colectivo beneficiado será o dos mozos e mozas que non estudan nin traballan, aos que se dirixe un programa cun orzamento de 49 millóns de euros, que complementa os 100 millóns do Plan de emprego xuvenil
- Para achegar oportunidades de emprego a estes dous colectivos, o Servizo Galego de Emprego contratará 130 técnicos orientadores máis.

**Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2015.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que o Consello da Xunta aprobou de xeito definitivo o acordo alcanzado coa Confederación de Empresarios de Galicia, a UXT e Comisións Obreiras polo cal se establecen dous novos programas de fomento do emprego en dous colectivos especialmente afectados pola crise: a mocidade e os parados de longa duración. Respecto a estes últimos, o dirixente autonómico subliñou especialmente que Galicia ampliará o prazo establecido polo Goberno central para a percepción dunha renda de acompañamento mensual de 426 euros. Mentres que o pacto asinado entre o Ministerio de Empleo e os axentes sociais fixa un período de cinco meses, a Xunta de Galicia achegará á empresa unha cantidade equivalente a sete meses máis de xeito que o traballador percibirá, durante un ano, o mesmo salario. No caso de que o beneficiario asine un contrato de longa duración, terá dereito a percibir unha cantidade equivalente a esta renda durante dous anos.

“Agora que os indicadores económicos apuntan a unha inicial recuperación, é o momento non de diminuír as políticas activas de emprego, senón de incrementalas —sinalou Feijóo— porque agora empeza a haber unha maior demanda e unha maior posibilidade de atopar un emprego”. A pesar de que, ao longo de 2014, houbo 19.000 galegas e galegos que obtiveron un traballo, aínda hai 250.000 persoas nas listas do paro, tal e como lembrou o presidente. Reducir estas cifras é a principal prioridade do Goberno galego.

“Aproveitamos o primeiro Consello do ano para dar o visto e prace a cinco programas de emprego que benefician ou beneficiarán a preto de 100.000 parados e que contan cun orzamento de 45 millóns de euros”, recordou Feijóo. Unha semana despois, apróbanse dous novos programas: un para menores de 25 anos que non estuden nin traballen (ou menores de 30 cunha discapacidade de ata o 33%), que podería beneficiar a 40.000 persoas en Galicia, e outro para parados de longa duración, que ten como destinatarias 20.000 persoas que se atopan nesta situación. Que estas 60.000 persoas atopen oportunidades de emprego é o obxectivo deste Plan de garantía xuvenil e do Plan de activación para o emprego asinados onte cos sindicatos e a patronal. “Este plan está coordinado coa Administración Xeral do Estado, que, á súa vez, tivo que coordinalo coa Unión Europea”, asegurou o presidente. Salientou tamén que teñen máis posibilidades de éxito “as medidas que se pactan que as medidas que non se poden pactar”.

Respecto ao Programa de garantía xuvenil, este non vén a substituír ao Plan de emprego xuvenil que xa tiña posto en marcha a Xunta, senón a “complementalo e reforzalo”. Así, aos case 100 millóns de euros cos que estaba dotado ese plan para 2014 e 2015, súmanse os preto de 49 millóns cos que conta este programa. Sobre este último punto, Feijóo subliñou entre esas actuacións: a contratación de 56 técnicos orientadores para o Servizo Público de Emprego de Galicia; a adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro; incentivos á contratación en sectores emerxentes, con axudas de 200 euros ao mes; formación en competencias clave como as tecnolóxicas ou os idiomas; e a promoción do emprego autónomo, cunha axuda a fondo perdido de 1.200 euros.

### Apoio aos parados de longa duración

No tocante ao programa de activación para o emprego dirixido a parados de longa duración e con cargas familiares, o programa poderá beneficiar a 20.000 persoas e “contará cun orzamento de 10 millóns para este ano 2015, que poderá ser ampliado para aquelas medidas que se vaian aplicar en 2016”, segundo explicou o mandatario galego. Feijóo explicou que este programa incluirá a contratación de 75 técnicos de orientación, que se suman aos 56 que prevé o programa de garantía xuvenil; a posta en marcha dun programa formativo de competencias clave; e a formación dual, que permitirá aos beneficiarios obter cualificación, asociada a un contrato laboral de formación e aprendizaxe.

Para fomentar o emprendemento incentivaranse as novas altas de autónomos, con axudas que poden chegar ata os 9.000 euros, e potenciarase a contratación por conta allea. Sobre este segundo punto, cómpre lembrar que o plan do Goberno central contempla a posibilidade de compatibilizar durante un máximo de 5 meses a renda de acompañamento de 426 euros cun contrato laboral por conta allea. Esta contía sumarase ao salario pactado entre o empresario e o traballador. No caso de Galicia, segundo describiu Feijóo, cando expire este prazo a empresa recibirá unha cantidade equivalente durante sete meses máis, co que a contratación do traballador se ve incentivada ao longo dun ano. No caso de que este contrato sexa indefinido, a cantidade equivalente á renda de acompañamento se manterá durante un ano máis, alcanzando os dous anos. “Estamos incentivando, por riba dos incentivos xerais para todo o Estado, dunha forma moi clara a contratación de desempregados de longa duración”, resumiu.

“En definitiva, case 60 millóns de euros para mellorar a empregabilidade tanto dos menores de 25 anos non ocupados como dos parados de longa duración con cargas familiares. Isto poderá beneficiar a máis de 58.000 persoas o que permitirá a contratación de máis de 130 novos orientadores para as oficinas de emprego galegas. A efectos prácticos, nos permite ampliar a compatibilidade da percepción da renda de compatibilidade, de cinco meses a un ano para os contratos temporais e de cinco meses a dous anos para os contratos indefinidos”, sintetizou o presidente da Xunta.

**http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/programa_activacion_emprego.pdf**



# Publicadas no DOG dúas medidas de 5,7 millóns de euros para mellorar a empregabilidade dos menores de 25 anos

- Estas dúas medidas enmárcanse no Programa de garantía xuvenil, acordadas este mes coa patronal e os sindicatos, co obxectivo de mellorar a empregabilidade dos mozos ata 25 anos, cun orzamento de 48,8 millóns de euros

http://garantiaxuvenil.xunta.es/gaxuve/gl/




**Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica dúas medidas incluídas no Programa de garantía xuvenil, acordadas este mes coa patronal e os sindicatos, co obxectivo de mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas non ocupados nin integrados nos sistemas de educación ou formación, con idades ata os 25 anos (e ata os 30 se existe unha discapacidade igual ou superior ao 33%).

Neste caso, a primeira das ordes publicadas é a dos programas mixtos de formación de emprego, dotada con 4,7 millóns de euros. Consiste na realización de obradoiros de emprego con participantes seleccionados das persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil. Cada proxecto terá unha duración de seis meses. A Xunta financiará os custos salariais e de seguridade social para a contratación das alumnas e alumnos e do persoal docente e de administración dos proxectos. As actividades que realicen os seleccionados deberán estar relacionadas, de ser o caso, coa titulación ou formación previa que posúan ou, en todo caso, terán que redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e rematará o 28 de febreiro.

A segunda orde que publica o DOG é o programa de prácticas non laborais en empresas, cun orzamento dun millón de euros. Esta medida está destinada aos mozos e mozas cunha formación académica ou profesional, pero que carecen de experiencia laboral. Deste xeito, poderán realizar prácticas nun contorno real para facilitar o seu acceso ao mercado de traballo. Para desenvolvelo, convócase unha orde de subvencións que financiaría case na súa totalidade as bolsas que as empresas deben aboar mensualmente aos mozos en prácticas. O prazo para a solicitude de axudas rematará o 31 de marzo.

### Sistema de garantía xuvenil

Estas ordes enmárcanse nun grupo de nove –o Programa de garantía xuvenil- que, cun orzamento de 48,8 millóns de euros, pretende que os inscritos reciban unha oferta de emprego, de educación continua, de formación de aprendiz ou período de prácticas nun prazo de catro meses tras acabar a educación formal ou quedar desempregados.

Ademais, tamén se procederá á contratación de técnicos para o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) que prestarán unha atención específica a este colectivo. Permitirá a contratación de 56 profesionais.

Outra das medidas consistirá nun novo programa de adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro. A quinta actuación ten como obxectivo a mellora da cualificación, a través da formación en competencias clave, tecnolóxicas, de idiomas e de certificados de profesionalidade. Estará dirixida tanto a aqueles mozos que carecen de cualificación, como para os que teñen unha certa formación, pero necesitan unha formación máis axeitada ás necesidades do mercado laboral. A sexta actuación do Programa de garantía xuvenil tamén se engloba nesta liña de actuación, e terá como obxectivo posibilitar que retomen os estudos aqueles mozos e mozas que os abandonaron no seu día, co fin de que obteñan o título da ESO ou de FP de grao medio.

As últimas tres actuacións consisten en incentivos á contratación, en axudas ao establecemento como autónomos e en subvencións para a incorporación ás cooperativas.

Os incentivos á contratación para os mozos contarán con 200 euros ao mes cun máximo dun ano en calquera modalidade contractual temporal igual ou superior a 6 meses, sempre que sexa a xornada completa. No caos de superar os 6 meses, a axuda poderá ser superior. As axudas van dirixidas a sectores emerxentes (I+D+i, empregos verdes ou atención á persoas). Tamén se subvencionarán os contratos en prácticas en empregos relacionados coa titulación do beneficiario; a contratación indefinida de menores de 25 anos que supoñan un incremento de persoal; e a transformación de contratos temporais en indefinidos.

No programa de promoción do emprego autónomo, incentivarase a alta destes mozos, especialmente a través dunha axuda a fondo perdido de 1.200 euros sen necesidade de acreditar un investimento en activo fixo e coa obriga de permanecer un ano de alta. Tamén se propón a realización dun programa de activación de competencias xuvenís aplicadas ao microemprendemento, que viría a complementar as axudas.

A última e novena medida do Programa de garantía xuvenil consistirá en axudas económicas para fomentar a incorporación de menores de 25 anos como socios das cooperativas e sociedades laborais.

Cabe lembrar que este Plan de garantía xuvenil será complementario ao Plan de emprego xuvenil que xa tiña posto en marcha o Goberno galego para o ano 2014 e 2015 e que contaba cunha dotación de 100 millóns de euros.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioCA05-220115-0003_gl.pdf

DOG Diario Oficial de Galicia

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioCA05-220115-0002_gl.pdf

DOG Diario Oficial de Galicia





# Publicada no DOG a orde de formación para desempregados que inclúe os novos mecanismos de control implantados por Traballo

- Están previstas preto de 680 accións formativas, das que se beneficiarán máis de 10.000 persoas en situación de desemprego
- A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 23,5 millóns de euros a unha convocatoria na que se aplicarán novos procedementos de control
- Implantarase por primeira vez o sistema de pegada dixital que se esixirá a todos os alumnos e alumnas á entrada da acción formativa
- Tamén se prohibirá expresamente a contratación do servizo docente por parte doutra empresa que non sexa a adxudicataria
- O DOG publica tamén a Orde para a posta en práctica de programas integrados de emprego durante os anos 2015 e 2016, cun investimento de 5,7 millóns de euros para beneficiar a máis de 2.100 persoas desempregadas durante 12 meses e estímase poder conceder 25 programas

**Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a Orde que regula as accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas para este ano, que contarán cun orzamento de 23,5 millóns de euros e prevé formar arredor de 10.200 alumnos a través de preto de 680 cursos. Así mesmo, seguirase apostando pola formación que permite acceder a certificados de profesionalidade de validez estatal.

A Consellería de Traballo e Benestar aplicará nesta convocatoria, por primeira vez, un novo sistema de control das ditas subvencións co que se pretende reforzar as garantías no desenvolvemento dos cursos.

En primeiro lugar, o control realizarase a través dun sistema de pegada dixital que se esixirá a todos os alumnos e alumnas á entrada da acción formativa. Permitirá ter unha maior seguridade de que se ofrecen a totalidade das horas da acción formativa a todos os alumnos matriculados nestes programas.

En segundo lugar, prohibirase expresamente a contratación dun servizo docente por parte doutra empresa que non sexa a adxudicataria deste curso. Así, só se poderán contratar a persoas físicas para impartir docencia, ben sexa como autónomos ou como traballadores por conta allea. Con este mecanismo o que se pretende é poñer máis límites á posibilidade de vinculación entre empresas. Ademais, na xustificación dos docentes, esixirase a documentación relativa á Seguridade Social e o comprobante de que a nómina estea efectivamente pagada.

Por último, e, en terceiro lugar, inclúese a necesidade dunha auditoría de conta xustificativa, é dicir, que se reforzará a xustificación das axudas, dado que terán que vir avaladas por un auditor rexistrado. Esta medida implantarase de forma gradual en diferentes fases ao longo de 2015 e 2016.

### Demanda do mercado laboral

As accións formativas dirixidas ás persoas desempregadas adecúanse ás demandas do mercado laboral. Poden solicitalas centros ou entidades de formación inscritos ou acreditados no rexistro de centros e entidades de formación. O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de abril de 2015.

Trátase de actividades que melloran a empregabilidade e ocupabilidade dos desempregados galegos, e facilitan o seu acceso a un traballo, ao mesmo tempo que se dota á Comunidade dun capital humano máis formado de acordo co mercado laboral actual e coas novidades deste, se ben considéranse prioritarias a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

### Programas integrados

Doutra banda, o DOG publica tamén a Orde para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2015 e 2016, cun investimento de 5,7 millóns de euros. A previsión é beneficiar a máis de 2.100 persoas desempregadas durante 12 meses e estímase poder conceder 25 programas.

Estes programas son unha innovadora medida activa de emprego dirixida á inserción laboral das persoas en situación de desemprego a través dun tratamento integral.

Así, considerarase programa integrado de emprego o que ten por obxecto o desenvolvemento de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, como: información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica, establecéndose obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral dos traballadores e traballadoras en situación de desemprego participantes neles. Estes obxectivos non poderán ser inferiores ao 25/30 por cento dos demandantes de emprego atendidos no programa.

Como novidades, crearase un tipo de programa integrado de emprego específico para persoas beneficiarias da Renda de integración social de Galicia (RISGA) no que os custos subvencionables por participante serán máis altos (3.000 euros, fronte aos 2.400 dos programas ordinarios).

Así mesmo, primarán os proxectos de xestión compartida para incentivar os procesos de fusión municipal co obxectivo de acadar unha xestión máis eficaz no desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego subvencionados.

http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150116/AnuncioCA05-070115-0002_gl.pdf

DOG Diario Oficial de Galicia

# Traballo destina 10,2 millóns de euros para obradoiros de emprego que beneficiarán a 1.300 persoas desempregadas

- Poderán participar nos obradoiros de emprego as persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que teñan unha idade igual ou superior a 18 anos
- Como novidade, cando haxa candidatos que o fagan posible, un 20% dos participantes deberán ser beneficiarios da RISGA e primaranse aqueles proxectos relacionados coa rehabilitación e posta en valor de fachadas e edificios de carácter público e/ou social e de espazos medioambientais
- Así mesmo, os proxectos poden ser promovidos por entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha administración local e por consorcios locais

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150113/AnuncioCA05-020115-0007_gl.pdf

**Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego pola que a Consellería de Traballo e Benestar destinará 10,2 millóns de euros e beneficiará a uns 1.300 desempregados. A inversión ten carácter bianual, destinándose 7,7 millóns para 2015 e 2,5 millóns para 2016.

Estas iniciativas teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, especialmente das persoas con máis dificultades de inserción. Combinan a formación coa realización dun traballo efectivo. Isto é, cun contrato e cun salario, durante 6 meses. Poderán participar nos obradoiros de emprego as persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que teñan unha idade igual ou superior a 18 anos.

Estes programas teñen unha tripla dimensión: en primeiro lugar, a de mellorar a empregabilidade dos traballadores que toman parte neles, ofrecéndolles unha formación para o emprego teórico práctica de calidade, da man dos especialistas que as imparten. Así mesmo, a posta en marcha destes proxectos permite a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade. Finalmente, o terceiro aspecto importante que rodea estes programas é a colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e as entidades locais responsables de promover estas iniciativas.

**Novidades**

Como novidades para 2015, cómpre resaltar as seguintes: cando haxa candidatos que o fagan posible, un 20% dos participantes deberán ser beneficiarios da RISGA e primaranse aqueles proxectos relacionados coa rehabilitación e posta en valor de fachadas e edificios de carácter público e/ou social e de espazos medioambientais (eliminación do feísmo). Así mesmo, os proxectos poden ser promovidos por entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha administración local e por consorcios locais.

**Distribución de créditos**

A distribución de créditos a nivel provincial realizarase tendo en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2010/2014, así como a evolución da poboación no citado período. Tamén se terán en conta –en coherencia cos programas Impulsa de Lugo e Ourense- o necesario equilibrio e solidariedade cos territorios máis desfavorecidos.

Parte das axudas desta orde poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento. Para a adxudicación dos proxectos realizarae unha única comisión de valoración (no mes de maio). A data límite para o inicio dos obradoiros de emprego será, con carácter xeral, o 30 de setembro de 2015.

O investimento da Xunta subvenciona os custos da formación profesional para o emprego (medios, materiais, contratación de persoal...); e os custos salariais derivados dos contratos de traballo que subscriban os alumnos e alumnas. En concreto, nos contratos do alumnado a Xunta subvencionará o 100 por cento do Salario Mínimo Interprofesional anualmente establecido, incluídas unha paga extra. Así mesmo, subvenciónanse as cotas patronais da Seguridade Social.

http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificacions




# Traballo destaca a importancia que ten o emprego como "piar esencial" para o benestar e a integración social

**Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2015.-** A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, subliñou "a importancia que ten o emprego como piar esencial para o benestar e para a integración social", sobre todo das persoas cuxa inserción laboral se atopa con máis dificultades: o colectivo das persoas con discapacidade intelectual.

Carmen Bouso participou en Santiago no acto de benvida aos 21 mozos e mozas de Down Galicia que integran o programa de prácticas formativas 'Emprego con Apoio', organizado por BBVA.

Na súa intervención, lembrou que as persoas con discapacidade intelectual enfróntanse a moitas dificultades que traban o seu acceso a un posto de traballo e apuntou que "derrubar as barreiras esixe dun compromiso conxunto da sociedade, desde o mundo empresarial ata as administracións públicas, pasando polos interlocutores sociais e as entidades de movemento asociativo da discapacidade, como Down Galicia".

A directora xeral considerou que unha ferramenta útil para superar as barreiras é o programa de emprego con apoio na empresa do mercado ordinario de traballo, que pretende facilitar ás persoas con discapacidade o desenvolvemento dun traballo na empresa ordinaria de xeito normalizado, subvencionando a contratación de preparadores laborais especializados, que prestan actividades de orientación e acompañamento individualizado no propio posto de traballo aos traballadores con discapacidade.

Isto permite axudarlles gradualmente, tanto no proceso de incorporación, como no de permanencia no devandito posto, ata lograr que a persoa con discapacidade posúa un grao suficiente de autonomía nas súas tarefas, e sen supoñer custo algún para a empresa.

Por último, Bouso indicou que "esta iniciativa é unha magnífica proba de que a participación das persoas con discapacidade intelectual no mercado laboral ordinario, contribúe eficazmente a favorecer unha nova perspectiva: o tránsito da persoa con discapacidade á persoa traballadora, desterrando vellos e tópicos clichés ou prexuízos".

## Accidentes laborais en Galicia

http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estatisticas/



# Informe do paro rexistrado

## Galicia pecha o mes de xaneiro cun total de 259.002 persoas en situación de desemprego

**Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2015.**- Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 259.002 persoas en situación de desemprego, o que supón un incremento do 2,81% con respecto ao mes anterior (+7.084). En comparación con xaneiro de 2014, isto é, interanualmente, o desemprego descendeu nun 7,85 por cento (-22.075), o mellor comportamento interanual de toda a serie histórica (estatísticas desde 1996).

Así o explicou a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz. Detallou que no mes de xaneiro sempre se producen subidas do paro, debido fundamentalmente ao remate das contratacións da temporada do Nadal. Con todo, a pesar de que unha subida "nunca é positiva", precisou que este é o menor ascenso dun mes de xaneiro desde 2008, "ano no que se iniciou a crise económica".

Se se toman como referencia os datos "desestacionalizados", que se corresponden coa evolución interanual, cabe destacar que Galicia xa acumula a décima quinta baixada consecutiva, unha tendencia que comezou a finais de 2013.

Grazas a esta evolución, Galicia pechou o mes de xaneiro con menos desempregados dos que había no mesmo mes de 2014, 2013 e 2012. "Isto é, estamos volvendo a niveis de paro de hai tres anos", subliñou Díaz López.

En España, o desemprego aumentou en 77.980 persoas, un 1,75 por cento, ata situarse nos 4.525.691 parados. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 6%. Deste xeito, Galicia sitúase "case dous puntos" por riba da media estatal a nivel interanual.

Por sectores, o incremento do paro está este mes "totalmente asociado" ao sector servizos, no que medra en 7.389 persoas. A continuación sitúase o colectivo sen emprego anterior (+413), e a agricultura e a pesca (+161). Pola súa banda, baixa na industria (-623) e na construción (-256).

Por provincias, o desemprego subiu en todas elas. O principal incremento detectouse en Pontevedra (+3.118); seguida por Coruña (+2.371); Ourense (+801); e Lugo (+794).

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 62.421 contratos, 3.327 máis que no mes anterior. Deste total, 5.911 foron indefinidos (9,47%), e 56.510 temporais (90,53%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 10,98%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

| | Total | Variación mensual | | Variación anual | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Absoluta | Relativa | Absoluta | Relativa |
| A Coruña | 101.604 | 2.371 | 2,39 | -8.209 | -7,48 |
| Lugo | 25.737 | 794 | 3,18 | -3.037 | -10,55 |
| Ourense | 28.115 | 801 | 2,93 | -2.542 | -8,29 |
| Pontevedra | 103.546 | 3.118 | 3,10 | -8.287 | -7,41 |
| **Galicia** | **259.002** | **7.084** | **2,81** | **-22.075** | **-7,85** |
| **España** | 4.525.691 | **77.980** | **1,75** | **-288.744** | **-6,00** |

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

| | Homes | Mulleres | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 48.940 | 52.664 | 101.604 |
| Lugo | 12.705 | 13.032 | 25.737 |
| Ourense | 13.359 | 14.756 | 28.115 |
| Pontevedra | 48.593 | 54.953 | 103.546 |
| **Galicia** | **123.597** | **135.405** | **259.002** |
| **España** | **2.137.837** | **2.387.854** | **4.525.691** |

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:

| | Menores de 25 años | Mayores de 25 años | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 5.097 | 96.507 | 101.604 |
| Lugo | 1.536 | 24.201 | 25.737 |
| Ourense | 1.642 | 26.473 | 28.115 |
| Pontevedra | 5.703 | 97.843 | 103.546 |
| **Galicia** | **13.978** | **245.024** | **259.002** |
| **España** | **384.932** | **4.140.759** | **4.525.691** |

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:

| | Total | Variación mensual | | Variación anual | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Absoluta | Relativa | Absoluta | Relativa |
| Andalucía | 1.037.716 | 28.033 | 2,78 | -22.004 | -2,08 |
| Aragón | 103.294 | 1.722 | 1,70 | -11.525 | -10,04 |
| Asturias | 99.514 | 2.880 | 2,98 | -5.218 | -4,98 |
| Illes Balears | 83.066 | -494 | -0,59 | -7.669 | -8,45 |
| Canarias | 259.743 | -939 | -0,36 | -16.291 | -5,90 |
| Cantabria | 51.756 | 1.310 | 2,60 | -6.557 | -11,24 |
| Castilla-La Mancha | 242.266 | 5.026 | 2,12 | -15.455 | -6,00 |
| Castilla y León | 224.869 | 2.018 | 0,91 | -18.070 | -7,44 |
| Catalunya | 582.769 | 6.821 | 1,18 | -51.102 | -8,06 |
| Valencia | 518.733 | 7.569 | 1,48 | -40.790 | -7,29 |
| Extremadura | 139.889 | -1.113 | -0,79 | -12.729 | -8,34 |
| **Galicia** | **259.002** | **7.084** | **2,81** | **-22.075** | **-7,85** |
| **Madrid** | **506.037** | **7.388** | **1,48** | **-41.316** | **-7,55** |
| **Murcia** | **144.859** | **2.615** | **1,84** | **-9.461** | **-6,13** |
| **Navarra** | **49.428** | **1.642** | **3,44** | **-3.735** | **-7,03** |
| **País Vasco** | **172.165** | **6.394** | **3,86** | **-2.006** | **-1,15** |
| **La Rioja** | **25.429** | **148** | **0,59** | **-2.417** | **-8,68** |
| **Ceuta** | **12.713** | **118** | **0,94** | **-191** | **-1,48** |
| **Melilla** | **12.443** | **-242** | **-1,91** | **-133** | **-1,06** |
| **TOTAL** | 4.525.691 | **77.980** | **1,75** | **-288.744** | **-6,00** |

**Evolución do paro:**




**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**

**(Mes en curso – igual mes do ano anterior)**










**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO POR CCAA**

**(Xaneiro 2014 - Xaneiro 2015)**

# Enquisa de poboación activa (EPA)

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.

A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 4º trimestre de 2014, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

| | Total | Activos | Ocupados | Parados |
|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 975,9 | 532,2 | 434,3 | 98,0 |
| Lugo | 299,8 | 151,1 | 126,6 | 24,5 |
| Ourense | 280,8 | 135,2 | 107,4 | 27,8 |
| Pontevedra | 808,0 | 445,7 | 332,2 | 113,5 |
| Galicia | 2.364,5 | 1.264,3 | 1.000,4 | 263,8 |
| España | 38.523,4 | 23.026,8 | 17.569,1 | 5.457,7 |

Fonte: *EPA 4º trimestre 2014* do INE

## Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 4º trimestre 2014 con respecto á EPA 4º trimestre 2013 (miles de persoas).

| | Total | Activos | Ocupados | Parados |
|---|---|---|---|---|
| Ambos os dous sexos | | | | |
| 4ºT2013 | 2.364,5 | 1.264,3 | 1.000,4 | 263,8 |
| 4ºT2014 | 2.377,2 | 1.283,5 | 1.002,6 | 280,9 |
| Homes | | | | |
| 4ºT2013 | 1.132,1 | 663,7 | 525,7 | 138,0 |
| 4ºT2014 | 1.138,5 | 675,6 | 523,6 | 152,0 |
| Mulleres | | | | |
| 4ºT2013 | 1.232,4 | 600,6 | 474,7 | 125,9 |
| 4ºT2014 | 1.238,8 | 608,0 | 479,0 | 128,9 |

Fonte: *EPA 4º trimestre 2014* do INE




A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

| | Ocupados (*) | Parados (*) | Taxa de emprego | Taxas de paro |
|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 2.681,8 | 1.395,7 | 39,03 | 34,23 |
| Aragón | 526,5 | 120,7 | 47,73 | 18,65 |
| Asturias | 375,2 | 98,4 | 40,90 | 20,78 |
| Illes Balears | 478,5 | 111,4 | 51,29 | 18,88 |
| Canarias | 758,7 | 342,2 | 42,42 | 31,08 |
| Cantabria | 226,8 | 51,2 | 45,82 | 18,42 |
| Castela-A Mancha | 921,0 | 234,3 | 43,77 | 20,28 |
| Castela e León | 710,3 | 283,1 | 41,99 | 28,50 |
| Cataluña | 3.048,1 | 756,5 | 50,16 | 19,88 |
| Valencia | 1.855,4 | 569,4 | 45,11 | 23,48 |
| Estremadura | 354,8 | 151,8 | 38,87 | 29,96 |
| **Galicia** | **1.000,4** | **263,8** | **42,31** | **20,87** |
| **Madrid** | **2.789,0** | **612,3** | **53,15** | **18,00** |
| **Murcia** | **525,3** | **196,9** | **44,43** | **27,26** |
| **Navarra** | **264,3** | **46,4** | **50,66** | **14,92** |
| **País Vasco** | **874,5** | **174,1** | **48,17** | **16,60** |
| **A Rioxa** | **127,5** | **26,4** | **49,03** | **17,12** |
| **Ceuta** | **26,6** | **12,8** | **41,08** | **32,46** |
| **Melilla** | **24,2** | **10,1** | **39,23** | **29,52** |
| **TOTAL** | **17.569,1** | **5.457,7** | **45,61** | **23,70** |

(*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

| | Total | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 18,4 | 18,8 | 18 |
| Lugo | 16,2 | 15,1 | 17,5 |
| Ourense | 20,6 | 21,4 | 19,7 |
| Pontevedra | 25,5 | 24,9 | 26,1 |
| Galicia | 20,87 | 20,79 | 20,96 |
| España | 23,7 | 22,8 | 24,74 |

Fonte: *EPA 4º trimestre 2014* do INE-IGE

A distribución das taxas de emprego por sexo en Galicia e España é a seguinte:

| | Total | Homes | Mulleres |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 44,5 | 48,7 | 40,7 |
| Lugo | 42,2 | 46,6 | 38,2 |
| Ourense | 38,2 | 40,4 | 36,3 |
| Pontevedra | 41,1 | 45,8 | 36,8 |
| Galicia | 42,31 | 46,44 | 38,52 |
| España | 45,61 | 50,91 | 40,56 |

Fonte: *EPA 4º trimestre 2014* do INE-IGE

### Taxas de paro por comunidades autónomas:




### Porcentaxes de parados por sexo en Galicia e España:




### Evolución ocupados, parados e taxas de paro:



Política social

# Benestar apoiou a Cáritas Santiago con máis de 260.000 euros en 2014 en diferentes liñas de colaboración como o fomento da inclusión

- A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, entregou os diplomas aos participantes dunha iniciativa dirixida a fomentar a inclusión no mercado de traballo de 73 persoas en situación ou risco de exclusión social
- Un total de 19 mulleres desenvolveron un curso de camareiras de andares;10 homes e 8 de dependente/caixeiro de supermercado; 31 homes de condutor de carretilla; e 5 persoas fixeron un curso de obtención do permiso de condución
- En total, na lexislatura pasada achegáronse preto de 3,5 millóns de euros aos diferentes programas de Cáritas, que beneficiaron ás cinco dioceses que compoñen Cáritas Galicia.





**Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2015.-** A Consellería de Traballo e Benestar destinou máis de 260.000 euros en 2014 para o desenvolvemento de diferentes programas por parte de Cáritas Santiago, entre eles, un para fomentar a inclusión no mercado de traballo de 73 persoas en situación ou risco de exclusión social.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, entregou os diplomas aos participantes desta iniciativa. Destes, un total de 19 mulleres desenvolveron un curso de camareiras de andares con prácticas en establecementos hoteleiros da cidade; 10 homes e 8 mulleres realizaron unha acción formativa de dependente/caixeiro de supermercado con prácticas en establecementos comerciais de Santiago; 31 homes levaron a cabo un curso de condutor de carretilla con homologación oficial; ademais de que 5 persoas fixeron un curso de obtención do permiso de condución tipo B.

González lembrou que no ano 2014 o departamento autonómico apoiou o labor de Cáritas a través de distintas liñas que inclúen a inclusión, o apoio a familias monoparentais, o concerto de prazas de menores, a cooperación, liñas AFD ou os plans de voluntariado e de Iniciativa Xove.

En total, na lexislatura pasada achegáronse preto de 3,5 millóns de euros aos diferentes programas de Cáritas, que beneficiaron ás cinco dioceses que compoñen Cáritas Galicia (Santiago, Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo).

## Aposta pola inclusión

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta do Goberno galego por apoiar ás persoas en risco de exclusión. Por iso, en 2015 o orzamento destinado á inclusión medra nun 17,7%, ata os 70 millóns. En concreto, a RISGA conta este ano con 47,7 millóns de euros, un 20 por cento máis en comparación co orzamento inicial de 2014.

De cara a este exercicio, cabe destacar tamén o incremento na orde de contratación de perceptores da RISGA, que se puxo en marcha por primeira vez o pasado ano, que aumenta nun 100% ata os 10 millóns de euros.

Este esforzo orzamentario compleméntase con outras actuacións, como a recente aprobación da Estratexia de inclusión social de Galicia (EIS) 2014-2020, que conta con 316 actuacións, organizadas ao redor de 8 eixos transversais e outros tantos de carácter sectorial; a aprobación e incorporación da estratexia dirixida ao colectivo xitano na EIS; ou as axudas, anunciadas en colaboración con La Caixa, para familias con necesidades básicas.

http://www.caritas-santiago.org/






Política social

# A orde de contratación de perceptores da RISGA duplica este ano o seu orzamento e amplía os potenciais beneficiarios

- A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, e a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, explicaron os detalles desta convocatoria, que se publica no Diario Oficial de Galicia (DOG)
- O orzamento ascenderá en 2015 a un total de 10 millóns de euros, o dobre que en 2014 cando se convocaron por primeira vez estas axudas
- Superaranse os 1.000 beneficiarios que poderán acceder a un posto de traballo
- Abrirase o abano de posibles beneficiarios a todos os perceptores da RISGA, xa que se elimina o requisito de antigüidade de seis meses
- O obxectivo é que a inmensa maioría dos contratos se realicen polo 75% da xornada laboral, o máximo que recolle a orde.





**Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2015.-** A orde de contratación de perceptores da RISGA nos concellos duplicará este ano o seu orzamento, ata os 10 millóns de euros, e ampliará o abano de posibles beneficiarios, ao eliminar o requisito de ter unha antigüidade de 6 meses.

Así o explicaron a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, e a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, nunha rolda de prensa na que deron os detalles desta convocatoria, que se publica no Diario Oficial de Galicia (DOG).

O ano pasado convocáronse por primeira vez estas axudas, que contaron cun orzamento de 5 millóns de euros, que permitiron contratar a máis de 600 beneficiarios en 118 concellos de Galicia.

Dado o resultado positivo do ano pasado, este ano introducíronse novidades co fin de chegar ao máximo de persoas posibles. Por iso ampliouse o orzamento e abriuse o abano de beneficiarios. Non obstante, deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e seguirán tendo preferencia aquelas persoas que estean comprometidas coa realización dun itinerario sociolaboral, así como aos que contan con cargas familiares.

Ademais, o obxectivo este ano é que a "inmensa maioría" dos contratos se realicen polo 75% da xornada laboral –a orde recolle entre un 50 e un 75%-, para que os beneficiarios gocen da xornada máxima que recolle a orde. Todos os contratos terán unha duración de 7 meses e deberán estar vinculados á realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social, que serán decididos polos propios concellos

A Consellería, ao igual que o ano pasado, volverá sufragar o total dos custos salariais dos traballadores, incluída a cotización á Seguridade Social. Os concellos interesados poderán comezar a presentar as súas solicitudes.

## Outras iniciativas

Esta convocatoria inscríbese na aposta da Consellería por traballar a prol da inclusión activa dos colectivos máis vulnerables. Por exemplo, nesta mesma liña enmárcanse outras dúas ordes de emprego que tamén se aprobaron no Consello da Xunta.

Así, a orde de obradoiros de emprego para este ano prevé unha reserva do 20% das prazas totais para os preceptores da RISGA, sempre que haxa candidatos que o fagan posible. Pola súa banda, os Plans integrados de emprego disporán por primeira vez dunha tipoloxía de programa específico para os beneficiarios da RISGA. Neste caso, os custos subvencionables por participantes serán máis altos que nos ordinarios.

A aposta pola inclusión reflíctese non só nas ordes concretas, senón tamén a nivel normativo e de planificación. Así, en 2013, aprobouse unha nova Lei de inclusión social de Galicia, un marco legal mellorado e actualizado que articula unha nova RISGA dividida en tres tramos para estimular e favorecer a inserción laboral. A inclusión activa é tamén un dos piares fundamentais na nova Estratexia de Inclusión Social, que se aprobou en decembro, e que contará con máis de 522 millóns de euros de orzamento e máis de 300 medidas concretas.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150112/AnuncioCA05-050115-0003_gl.pdf

DOG | Diario Oficial de Galicia

# O DOG convoca 3 millóns de euros en axudas para manter preto de 2.700 prazas en escolas infantís de iniciativa social

- Os destinatarios desta subvención da Consellería de Traballo e Benestar son aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais
- As axudas cobren custos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento

**Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia (DOG) convocará máis de 3 millóns de euros para manter neste ano ao redor de 2.700 prazas en escolas infantís xestionadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Os destinatarios destas subvencións da Consellería de Traballo e Benestar, que se outorgan en concorrencia competitiva, son aquelas entidades que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Como novidade, este ano exímese ás entidades de presentar os documentos relativos ás certificacións de estar ao corrente de pago coa AEAT, ATRIGA e a Seguridade Social, que comprobará a propia Administración de oficio, o que suporá un importante avance para elas.

Para presentarse, deberán cumprir, entre outros, criterios como adaptar as tarifas ás contías máximas dos prezos dos centros de titularidade pública; ou prestar servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás festivos sinalados ou salvo causa xustificada. Estas axudas ocúpanse de sufragar custos de persoal, de alimentación, así como outros gastos xerais de mantemento. A convocatoria, que en 2015 se adianta con respecto aos anos anteriores, prevé tamén a concesión dun anticipo de ata o 25 por cento cando o importe da axuda supere os 18.000 euros. Se non supera esta cantidade, o anticipo poderá chegar ata o 80 por cento.

**http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141027/AnuncioCA05-221014-0001_gl.pdf**

DOG | Diario Oficial de Galicia

# A Xunta convoca as axudas a homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillos menores de tres anos

- Tamén poden ser solicitadas por familias monoparentais, con independencia de que a persoa responsable da unidade familiar sexa un home ou unha muller
- A medida pretende fomentar a corresponsabilidade e impulsar o cambio dos roles, implicando aos varóns na atención e o coidado dos seus fillos e fillas
- O prazo de presentación de solicitudes é do 16 de xaneiro ao 20 de febreiro e a concesión das axudas será por orde de entrada

**Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2015.-** O Diario Oficial de Galicia publica a resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convocan axudas aos traballadores que reducen a súa xornada laboral para coidar dos seus fillos ou fillas menores de tres anos.

Esta liña de axudas ten coma obxectivo apoiar a asunción de responsabilidade familiares por parte dos varóns e contribuír á desaparición dos estereotipos sobre a diferente disposición de homes e mulleres a asumir o coidado dos fillos e fillas menores. As solicitudes poderanse presentar por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta, https://sede.xunta.es, e a súa concesión será por orde de entrada.O prazo de presentación comeza o 16 de xaneiro e finaliza o 20 de febreiro de 2015.

Neste contexto, as axudas de Igualdade supoñen un apoio económico para aqueles traballadores que reduzan a súa xornada laboral a estes efectos, considerando que esta medida favorece tamén a permanencia no mercado laboral das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares. Ademais dos varóns, as axudas tamén poden ser solicitadas por familias monoparentais, con independencia de que a persoa responsable da unidade familiar sexa un home ou unha muller.

Poden solicitar as axudas as persoas que se atopen en situación de redución da xornada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014, polo coidado de fillos ou fillas biolóxicas ou ben adoptadas ou en situación de acollemento familiar, permanente ou preadoptivo. O orzamento destas axudas ascende a 440.000 euros, e a contía que poden percibir as persoas beneficiarias vai dos 1.600 aos 3.600 euros, en función da porcentaxe de redución da xornada e do número de menores ao seu cargo.

Impulsar o cambio de roles

O obxectivo destas subvencións de Igualdade é fomentar a corresponsabilidade e impulsar así o cambio dos roles diferenciados entre mulleres e homes, implicando a estes últimos na atención e o coidado dos seus fillos e fillas.Neste contexto, as axudas supoñen un apoio económico para aqueles traballadores que reduzan a súa xornada a estes efectos, ao tempo que favorecen tamén a permanencia no mercado laboral das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares.

Desde o ano 2007, cando a Secretaría Xeral da Igualdade iniciou esta liña de axudas, xa se teñen beneficiado delas 1.349 homes e 445 mulleres, nais de familias monoparentais.

**http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141027/AnuncioCA05-221014-0001_gl.pdf**

DOG | Diario Oficial de Galicia





# A Xunta porá á disposición das familias galegas 500 novas prazas en escolas infantís financiadas con fondos públicos



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou en rolda de prensa a convocatoria dun concurso público para concertar prazas de 0-3 anos, unha iniciativa do Goberno galego que ten como obxectivo reforzar e complementar a aposta da Xunta pola conciliación da vida familiar e laboral
- Mato destacou que, paralelamente a esta actuación, a Xunta seguirá coa planificación de construción e posta en marcha de novas escolas da Galiña Azul, unha rede que nestes momentos conta con 14 equipamentos en construción
- A titular de Benestar explicou que o concurso centrarase nunha primeira fase nas sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas, as zonas con maior demanda
- O departamento autonómico está a analizar esta iniciativa cos colectivos máis representativos dos centros de educación infantil de Galicia
- Esta medida súmase a outras modalidades de recursos de educación infantil financiados pola Xunta (escolas propias, municipais, de iniciativa social e o cheque infantil) que na actualidade suman 19.200 prazas de 0-3 anos.

**Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2015**.- A Xunta porá á disposición das familias galegas 500 novas prazas públicas de 0-3 anos no próximo curso escolar 2015-2016, que estarán financiadas con fondos da Administración autonómica a través do sistema de concerto. Para levar a cabo esta medida, o Goberno galego convocará por primeira vez un concurso público para concertar as 500 prazas, que se sumarán ás novas que están en construción nestes momentos. Nunha primeira fase nas áreas de Galicia cunha maior demanda de escolas infantís públicas, as sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas. Estas novas prazas sumaranse ás de titularidade pública da Xunta, que forman parte da Rede A Galiña Azul, e ao resto de modalidades financiadas pola administración autonómica.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou en Santiago esta iniciativa da Xunta, que na actualidade se está a traballar cos colectivos máis representativos dos centros de educación infantil de Galicia. Mato apuntou que con esta colaboración o que se pretende é garantir unha convocatoria “eficaz e eficiente”.

A titular de Benestar indicou que esta actuación busca fundamentalmente reforzar e complementar a aposta do Goberno galego pola conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas, ao tempo que indicou que contribúe a que os equipamentos e instalacións en funcionamento de Galicia poidan seguir abertos e, polo tanto, poder manter os seus postos de traballo.

Novas escolas en construción e incremento de cobertura pública

Paralelemente, e como o Goberno galego leva a facer desde o ano 2009, a Xunta seguirá a crear novas prazas públicas de 0-3 anos. Proba disto é que na actualidade e, segundo lembrou a conselleira, están en marcha 14 novas escolas da Rede A Galiña Azul en distintas fases de construción. Desde 2009 e ata o día de hoxe, a Consellería de Traballo e Benestar ten creado un total de 3.320 prazas no conxunto de Galicia, o que significa un 60 por cento máis das que había en 2009. En global, a oferta actual da Rede A Galiña Azul achégase ás 9.000 prazas. Estas prazas súmanse á oferta de 0-3 anos sostidas con fondos públicos, que no curso 2014-2015 suman máis de 19.200 (escolas da Xunta, municipais, de iniciativa social e cheque infantil). O incremento de prazos permitiu mellorar a porcentaxe de atención. De feito, desde o curso 2009-2010 a taxa de cobertura das escolas infantís financiadas con fondos públicos sobre a poboación galega de 0 a 3 anos mellorou en case 12 puntos. Así, se no curso 2009-2010 a ratio era do 18,7%, na actualidade esta taxa ascende ao 30,1%.

Medidas para a conciliación

Así mesmo, Mato destacou, ademais da creación de prazas públicas en escolas infantís, outras medidas postas en marcha polo Goberno galego, co único obxectivo de acadar unha conciliación real e plena da vida familiar e laboral das familias galegas.

Así, resaltou que o pasado curso e, de forma pioneira, a Administración autonómica implantou a exención do prezo público para o segundo fillo e posteriores matriculados en escolas da Rede A Galiña Azul para familias con rendas inferiores aos 7.500 euros per cápita.

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar incrementou o número de cheques infantís . No curso actual, o orzamento desta medida supera os 1,8 millóns de euros co que se beneficiarán a preto de 1.300 familias. Neste eido, tense mellorado o sistema de aboar o cheque, que na actualidade cobran directamente as familias e non as escolas, ampliando, desta forma, a súa liberdade de escoller un centro. Ademais, aumentáronse as contías máximas destas axudas e axilizouse todo o proceso da tramitación.

Por último, a titular de Benestar apuntou que este mesmo ano porase en marcha unha nova fórmula para a conciliación: as casas niño que están especialmente deseñadas para as zonas do rural que apenas teñan oferta en escolas infantís. Ademais, lembrou que a Xunta está a ultimar a nova carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, que permitirá ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias.

Plan de Dinamización Demográfica

En definitiva, Mato resaltou que a conciliación da vida familiar e laboral é “un factor esencial” para o fomento da natalidade, lembrando que os expertos coinciden en afirmar que é un dos criterios que máis valoran os pais e nais á hora de ter fillos. Así, destacou que é “un instrumento imprescindible” para a loita contra a crise demográfica en Galicia. Por iso, Mato lembrou que é un dos eixos esenciais do Plan de Dinamización Demográfica que o Goberno galego está a liderar por primeira vez na historia da Comunidade autónoma.

# Xuventude promove que os mozos e mozas enriquezan o seu currículo con programas de educación non formal

- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou no CIFP Politécnico de Santiago os proxectos Spin Air, Ecovida e Xogando coa Química executados por alumnos deste instituto e financiados pola área autonómica
- Esta actividades inscríbense no programa de axudas 'Iniciativa Xove', que avoga pola creatividade e o liderado xuvenil
- Un total de 22 asociacións xuvenís ou grupos informais de mozos e mozas da área de Santiago executaron en 2014 proxectos financiados no marco desta iniciativa.



**Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2015.-** O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, asistiu a unha demostración das actividades levadas a cabo por tres grupos informais de mozos e mozas, alumnos do CIFP Politécnico de Santiago de Compostela, que desenvolveron tres proxectos relacionados co ámbito da Química e que foron financiados polo programa de axudas 'Iniciativa Xove', da Consellería de Traballo e Benestar .

O primeiro dos proxectos, Ecovida, mostrou ao alumnado de diferentes centros de ensino os usos e aplicacións dun biorreactor, especialmente no tratamento de residuos putrescibles, intentando espertar na mocidade unha certa inquedanza científica. Para iso, realizouse unha serie de experiencias nun laboratorio para a súa posterior difusión nos centros composteláns mediante a repartición de contidos audiovisuais ao profesorado.

O proxecto Spin Air, baseouse na determinación de contaminantes presentes no aire a partir da mostraxe co Spin Air (mostraxe automatizada, compacta, sinxela e portátil, que avalía a contaminación microbiana do aire). Tratouse de avaliar a carga microbiana presente no aire nun bar compostelán e, posteriormente, mostrarlle os resultados aos estudantes para concienciálos da contaminación presente en áreas interiores que se frecuentan a diario.

Por último, o obxectivo principal de Xogando coa química foi o de mostrarlle o mundo da química ao alumnado da ESO e de bacharelato, a través de certos trucos visuais químicos de materiais da vida diaria. Elaborouse material didáctico que se distribuíu nos centros educativos de Santiago e da súa comarca.

Rodeiro recordou que grazas a 'Iniciativa Xove', os mozos e mozas "poden demostrar a súa capacidade para organizar os seus propios proxectos, ao tempo que se estimula o protagonismo, a creatividade e o liderado xuvenil". Deste xeito, este tipo de programas de educación non formal conleva o desenvolvemento de valores como as aptitudes comunicativas, organizativas e de planificación, o traballo en equipo, o sentido da iniciativa ou a autoconfianza, autonomía e iniciativa persoal.

'Iniciativa Xove' forma parte dos programas de renovación das políticas de xuventude, que xira en torno a xestionar actuacións baseadas na adquisición de novas competencias a través da educación non formal. Benestar financiou o pasado ano con 500.000 euros, a través de 'Iniciativa Xove', 140 proxectos en Galicia de educación non formal, que realizan 700 mozos pertencentes a grupos informais, así como asociacións e entidades xuvenís.

http://xuventude.xunta.es/



http://www.voluntariadogalego.org/web/







# Benestar convoca o concurso para elaborar o cartel do certame de 'Xuventude Crea 2015' que fomenta a creatividade da mocidade galega

- O prazo de admisión das obras rematará o próximo 28 de febreiro
- O autor da obra gañadora recibirá un único premio de 500 euros
- No concurso, que convoca a Consellería de Traballo e Benestar, poden participar mozos e mozas de entre 18 e 30 anos residentes en Galicia.

**Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2015.-** A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, con motivo do certame de creadores novos 'Xuventude Crea 2015', convoca un concurso co fin de elaborar o cartel desta iniciativa.

No certame poderán participar todos os mozos e mozas de entre 18 a 30 anos, ambas inclusive, e residentes en Galicia, agás o gañador do premio na edición do ano anterior.

Cada autor ou autores poderán participar con dúas obras orixinais, inéditas e en galego, e admitiranse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo. Os traballos presentaranse en formato vertical cunhas dimensións de 50x70 centímetros e montadas en superficie ríxida. O tema e a técnica serán libres. As obras deben incluír obrigatoriamente o texto 'Certame Xuventude Crea 2015', así como as especialidades que o compoñen: artes plásticas (pintura e escultura), banda deseñada, moda, fotografía, deseño de xoias, graffiti, música, poesía, relato breve, teatro e videocreación.

O/a autor/es/as da obra gañadora recibirá un único premio de 500 euros. O prazo de admisión das obras rematará o día 28 de febreiro de 2015.

Os obxectivos fundamentais desta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar é que os mozos e mozas poidan manifestar a súa inquedanza artística e cultural, fomentar a creatividade xuvenil, como mostra do talento que amosa a mocidade galega.

'Xuventude Crea' é a maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega. Na edición do 2014 participaron un total de 358 mozos e mozas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos. Un total de 263 proxectos individuais e en grupo, para as once especialidades previstas.

Esta iniciativa inscríbese no Plan rstratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016, que ten como un dos seus eixos principais o fomento da creatividade e o espírito empresarial e propón 22 medidas concretas para seguir avanzando neste eido

# Xuventude desenvolverá o programa 'Visualizando' para a posta en común dun espazo de reflexión sobre 'Iniciativa Xove'

- O proxecto foi seleccionado pola Rede Española de Albergues Xuvenis (REAJ) dentro da convocatoria do programa MOVIC 2015
- A iniciativa reunirá no albergue xuvenil de Gandario a 30 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, participantes no programa e seleccionados en función da calidade dos proxectos realizados

**Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2015.-** A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, desenvolverá no mes de marzo o programa 'Visualizando', no que se tratará de crear un espazo para a reflexión e a posta en común das experiencias levadas a cabo no ámbito do programa autonómico 'Iniciativa Xove', que supuxo a aposta por un novo modelo de participación xuvenil, no marco da renovación das políticas de xuventude cara a programas que melloren ou faciliten a empregabilidade e o emprendemento a través da educación non formal da mocidade.

O proxecto foi seleccionado pola Rede Española de Albergues Xuvenis (REAJ) dentro da convocatoria do programa MOVIC 2015. O programa MOVIC, no que poden participar as distintas comunidades autónomas, ten entre os seus obxectivos os de promocionar os albergues xuvenís e, á súa vez, fomentar a mobilidade xuvenil e os intercambios culturais entre os mozos e mozas a través da aprendizaxe mutua, facilitar a inserción dos mozos e mozas no mercado laboral, fomentar o espírito emprendedor da xuventude ou concienciar e formar en valores, entre outras.

A iniciativa, financiada pola REAJ, reunirá no albergue xuvenil de Gandario a 30 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, participantes no programa e seleccionados en función da calidade dos proxectos realizados, procurando un equilibrio de temáticas, de cara á formación dos grupos de traballo e para fomentar a interactuación e a creación de sinerxías.

En paralelo ás actividades, gravarase unha reportaxe de docuficción na que se promocionarán as iniciativas dos asistentes, co dobre obxectivo de fomentar e contaxiar o espírito emprendedor nos mozos/as da sociedade e de ser un escaparate dos proxectos realizados conseguindo un efecto multiplicador. O vídeo servirá tamén de demostración das aptitudes dos mozos e mozas participantes poñéndoas en valor para facilitar a súa empregabilidade.

Ademais do proxecto de Galicia, foron seleccionados o 'II Encontro de mozos/as creadores' en Toledo, da Dirección General de Juventud de Castilla la Mancha; a 'Guía de recursos medioambientais', do albergue xuvenil Alto del León, proposto polo Instituto de la Juventud de Castilla e León; e 'Diviértete', promovido polo Instituto Valenciano de la Juventud.

http://www.reaj.com/noticias/701-reaj-lanza-el-programa-



## Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- BITeB, nº 103, xaneiro 2015
- Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria
- Recompilación normativa 2014. Consellería de Traballo e Benestar
- Saídas profesionais comarcais. 2014
- Los productos químicos peligrosos: sector industrial
- Eu son Elvira: un relato sobre o bo trato ás persoas maiores

http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4




# Catálogo de publicacións na web



### BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar outubro 2014, nº 100

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

- Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_99_Agosto-setembro_2014.pdf




### Recompilación normativa. Consellería de Traballo e Benestar

Selección das disposicións normativas máis salientables no eido laboral e do benestar elaboradas por esta consellería e publicadas ao longo dun ano no Diario Oficial de Galicia (DOG). Clasificadas en 6 grandes epígrafes, de cada rexistro danse os seguintes datos: título da disposición, núm. de DOG e data de publicación e acceso á norma en formato PDF e HTML.

- Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Recompilacixn_normativa_2014.pdf




### Prevención de riesgos ergonómicos: actividad de la distribución de alimentación

Esta guía diríxese, exclusivamente, aos traballadores dedicados á venda de alimentos en empresas de distribución de alimentos. Pretende sinalar os puntos máis problemáticos nas tarefas que adoitan realizar os traballadores e achega distintas solucións ou formas de mitigar os problemas segundo o nivel de risco que en cada coaso concreto teñen as distintas tarefas. Estas poden resumirse en 3: Manipulación manual de cargas, Movementos repetitivos e Posturas forzadas. Non son as únicas, per sí válidad para reformar postos de traballo que deberían ser deseñados pensando nos traballadores

- Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Prevencion_riesgos_ergonomicos_distribucion_alimentacion.pdf

### Vis a Vis. Revista do Módulo 1 “Nelson Mandela”. Centro Penitenciario de Teixeiro




Revista elaborada polos internos do Módulo 1 do Centro Penitenciario de Teixeiro. As diferentes colaboracións, de temática diversa, están coordinadas polo Equipo de Inclusión Social deste centro. A través dun protocolo de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior desenvólvense actuacións enmarcadas nun programa integral de preparación á liberdade que favoreza a inserción cívica, familiar e sociolaboral das persoas mozas internas, na súa meirande parte con idades comprendidas entre o 18 e os 30 anos.

- Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Vis_a_vis_num5_2014.pdf

http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

- Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. (DOG nº 1, do 02.01.2015).

- Orde do 2 de decembro 2014 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás concedidas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do programa comunitario Erasmus+, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2014/15. (DOG nº 1, do 02.01.2015).

- Orde do 16 de decembro de 2014 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 1, do 02.01.2015).

- Lei 13/2014, do 22 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias. (DOG nº 3, do 07.01.2015).

- Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015. (DOG nº 6, do 12.01.2015).

- Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 6, do 12.01.2015).

- Resolución do 22 de decembro de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2014/15. (DOG nº 7, do 13.01.2015).

- Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 7, do 13.01.2015 e corrección de erros no DOG nº 16, do 26.01.2015).

- Resolución do 22 de decembro de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 9, do 15.01.2015).

- Orde do 30 decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2015. (DOG nº 10, do 16.01.2015).

- Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2015 e 2016. (DOG nº 10, do 16.01.2015).

- Resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 12, do 20.01.2015).

- Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP) e se establece a súa convocatoria para o ano 2015, tramitada como anticipada de gasto. (DOG nº 13, do 21.01.2015).

- Resolución do 15 de xaneiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para residentes no exterior durante o ano 2015. (DOG nº 14, do 22.01.2015).

- Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o 2015. (DOG nº 16, do 26.01.2015).

- Resolución do 30 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se habilitan as persoas asesoras e avaliadoras de diferentes cualificacións profesionais. (DOG nº 16, do 26.01.2015).

- Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil. (DOG nº 17, do 27.01.2015).

- Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 17, do 27.01.2015).

- Resolución do 22 de xaneiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación a prol das entidades galegas no exterior para o exercicio 2015. (DOG nº 18, do 28.01.2015).

- Resolución do 22 de xaneiro de 2015 pola que se publica o Plan de formación do persoal da Administración da Comunidade Autónoma, das entidades locais de Galicia, da Administración de xustiza de Galicia e do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas para o ano 2015. (DOG nº 19, do 29.01.2015).





## Normativa das comunidades autónomas:

**Andalucía**

http://www.juntadeandalucia.es/eboja/

- Orden de 23 de diciembre de 2014, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de incentivos públicos dirigidos a financiar los costes salariales derivados del mantenimiento de los puestos de trabajo ocupados por personas con discapacidad en centros especiales de empleo, y se efectúa su convocatoria para el año 2015. (BOJA de 02.01.2015)

